

Orde do de de 2020 pola que se convoca procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas.

TEXTO:

A disposición adicional décima, apartados 1, 2 e 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establecen os requisitos para o acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, artes plásticas e deseño e escolas oficiais de idiomas.

Así mesmo, a epígrafe 2 da disposición adicional décimo segunda da citada lei prescribe que o persoal aspirante que desexe acceder aos corpos de catedráticos deberán contar cunha antigüidade mínima de oito anos no correspondente corpo como persoal funcionario de carreira e que o sistema de acceso será o concurso no que se valorarán os méritos relacionados coa actualización científica e didáctica, a participación en proxectos educativos, a avaliación positiva na actividade docente e, se é o caso, a traxectoria artística das persoas candidatas. De conformidade co principio de non discriminación que se establece no apartado 1 da cláusula 4 do anexo da Directiva 1999/70/CE relativa ao Acordo Marco da CES, a UNICE e a CEEP sobre o traballo de duración determinada, o requisito será ser persoal funcionario de carreira e ter prestados un mínimo de 8 anos de servizos no corpo.

O Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, no Capítulo II do Título IV regula o procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensinanza secundaria, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas.

Por Decreto 164/2019, do 12 de decembro, , polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobaronse 1.232 prazas para o acceso ao corpo de catedráticos de ensino secundario, 50 para o acceso ao corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas e 18 para o acceso ao corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño.

Na súa virtude, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional procede a

convocar proceso selectivo de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, de acordo coas seguintes bases:

Base primeira. *Normas xerais*

1. Prazas convocadas

Convócase procedemento selectivo de acceso, por concurso de méritos, para cubrir 1.232 prazas no corpo de catedráticos de ensino secundario, 50 no corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas e 18 no corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño, no ámbito de xestión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coa desagregación por corpos, especialidades e quendas que a continuación se indican:

Corpo de catedráticos de ensino secundario

Código/especialidade	Acceso reserva persoas con discapacidade	Acceso xeral	Total



Código/especialidade	Acceso reserva persoas con discapacidade	Acceso xeral	Total

Os códigos dos corpos son os seguintes:

Catedráticos de ensino secundario: 511

Catedráticos de escolas oficiais de idiomas: 512

Catedráticos de artes plásticas e deseño: 513

1.2 Acumulación das prazas da quenda de reserva de persoas con discapacidade na modalidade de acceso xeral.

As prazas reservadas para as persoas con discapacidade que resulten sen adxudicar acumularanse á modalidade de acceso xeral do mesmo corpo e da mesma especialidade.

1.3. Non acumulación das prazas nouro corpo nin noutra especialidade.

As prazas que puideran quedar vacantes non serán acumulables a outras especialidades do mesmo corpo nin as que se ofertan nouro corpo agás, se é o caso, a través da resolución estimatoria de recurso de reposición.

1.4 Normativa aplicable

A estes procedementos selectivos seranlle de aplicación:

- a) a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación;
- b) a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa;
- c) o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público;
- d) a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas;
- e) a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público;
- f) a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea;
- g) o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, modificado polo Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, acceso e adquisición doutras especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e se regula o réxime transitorio a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei;
- h) o Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria;
- i) o Real decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria;

j) o Decreto 164/2019, do 12 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia;

k) a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia;

l) o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social;

m) a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; e demais disposicións de aplicación xeral, así como o disposto nesta convocatoria.

Base segunda. *Requisitos que debe reunir o persoal aspirante*

2.1. Requisitos xerais

Para seren admitidas ao procedemento selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Posuír o título de Doutoramento, Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura ou título de Grao correspondente, ou titulación equivalente para os efectos de docencia no correspondente corpo e especialidade.

No caso de que a titulación se obtivera no estranxeiro, deberá terse a correspondente credencial de homologación segundo o Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado, ou ben ter o recoñecemento da súa cualificación profesional regulada ao amparo do Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de setembro de 2005 e a Directiva 2006/100/CE, do Consello do 20 de novembro de 2006, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a

determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

b) Pertencer ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas ou profesores de artes plásticas e deseño como persoal funcionario de carreira e ser titular da especialidade ou especialidades ás que se concursa, segundo se pretenda acceder ao corpo de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas ou catedráticos de artes plásticas e deseño, respectivamente.

c) Posuír unha antigüidade mínima de oito anos como persoal funcionario do corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas ou do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, segundo se pretenda acceder ao corpo de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas ou catedráticos de artes plásticas e deseño, respectivamente.

d) Non ser persoal funcionario de carreira, en prácticas ou estar pendente do correspondente nomeamento do corpo de catedráticos ao que se pretende acceder.

e) Ter destino, definitivo ou provisional, no ámbito de xestión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso do persoal docente que se encontre en situación de excedencia voluntaria, adscrito a prazas no exterior ou circunstancias análogas, o cumprimento deste requisito entenderase referido ao centro no que tiveran o seu destino definitivo docente no momento de producirse a situación ou adscrición citadas.

Non reúne este requisito o persoal docente dependente doutra Administración educativa que se encontre prestando servizos na Comunidade Autónoma de Galicia en réxime de comisión de servizos.

f) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administración públicas, nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o desempeño de funcións públicas.

g) O persoal docente que participe desde a situación da excedencia voluntaria deberá acreditar, ademais, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, conforme ao disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da lei de axuízamento civil.

Así mesmo, o persoal candidato cuxa nacionalidade sexa distinta da española, ademais de non ter

sido condenado por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual en España, non poderá telo sido no seu país de orixe ou de donde sexa nacional, en concreto, respecto dos delitos relacionados no apartado 1 do artigo 3 do Real decreto 1110/2015, do 11 de decembro, polo que se regula o rexistro central de delincuentes sexuais.

2.2 Requisitos específicos para participar pola quenda para persoas con recoñecemento legal de discapacidade.

De conformidade co establecido no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no artigo 9 do Decreto 164/2019, do 12 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes, resérvase o 7% das prazas ás que poderán concorrer as persoas que teñan a condición legal de discapacidade, sempre que reúnan as condicións xerais establecidas nesta convocatoria e, no seu momento, acrediten un grao de discapacidade de, polo menos, o 33% mediante certificación dos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia, doutras comunidades autónomas ou, se é o caso, da Administración central do Estado.

O persoal aspirante que concorra por esta quenda non poderá facelo pola quenda xeral de acceso ao mesmo corpo e especialidade.

A opción por esta quenda formularase na solicitude de participación e acreditarase de acordo co previsto na epígrafe 3.7 desta convocatoria.

O recoñecemento dunha discapacidade con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes, aínda cando se fixese con efectos retroactivos, non conlevará en ningún caso a admisión polo procedemento de reserva.

2.3 Data de cumprimento dos requisitos.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos que corresponda, acreditándose na forma que se establece na presente convocatoria. Non serán tidos en conta aqueles méritos alegados que non foran debidamente xustificadas no prazo de presentación de solicitudes establecido na base 3.10.

Base terceira. *Forma de participación*

3.1. No suposto de participar no concurso de méritos por máis dun corpo presentarase unha solicitude por cada corpo polo que se participa.

3.2. No suposto de participar no concurso de méritos por máis dunha especialidade do mesmo corpo presentarase unha solicitude por cada especialidade.

3.3. A solicitude (Anexo I) cubrirase de forma electrónica accedendo a seguinte ligazón: www.edu.xunta.es/oposicions/.

A alegación de méritos para o concurso que non consten xa na base de datos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional farase accedendo a seguinte ligazón: www.edu.xunta.es/datospersoais/.

Lémbrese que para acceder a esta aplicación informática é preciso ter conta de correo electrónico no dominio edu.xunta.gal de modo que a persoa que non a teña deberá solicitala a través da páxina web www.edu.xunta.es/contausuario/.

3.4. O persoal que desexe participar no concurso de méritos deberá verificar na base de datos de profesorado o seu expediente persoal. De estar o expediente incompleto, o persoal concursante interesado completará na base de datos, e imprimirá a solicitude e a folla de alegacións que xera a propia aplicación informática e, xunto coa documentación xustificativa á que se fai referencia no anexo II, a entregará conforme ás normas recollidas na epígrafe 3.8 no prazo de presentación de solicitudes regulado na epígrafe 3.10.

3.5. En todo caso, o persoal participante no concurso que alegue méritos nas subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4 do anexo II, deberá alegalos na base de datos no prazo de presentación de solicitudes e imprimirá a folla de alegacións correspondente a estes méritos da aplicación informática e, xunto cos documentos xustificativos, a remitirá ao tribunal cualificador correspondente no prazo e lugar que este estableza. A documentación xustificativa destes méritos deberá entregarse en todo caso e aínda que xa figurasen reflectidos con anterioridade na base de datos.

3.6. A solicitude e a documentación dirixírase á Dirección Xeral de Centros e Recursos

Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, sen prexuízo do establecido na epígrafe 3.5 desta base.

3.7. Documentación

Coa solicitude deberase achegar os seguintes documentos:

- a) A folia de alegación de méritos que xera a aplicación informática, de ser o caso.
- b) Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados á que se fai referencia na base 3.4. A dita documentación deberá entregarse numerada e ordenada segundo a orde que figura na folia de alegacións que xera a aplicación informática.
- c) Copia da folia de alegación de méritos que xera a aplicación informática correspondente aos méritos alegados nas subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4, de ser o caso.
- d) Certificación que acredite a condición de persoal aspirante con discapacidade igual ou superior ao 33 por 100, no caso de terse alegado.
- e) Os documentos que acrediten a condición de membro de familia numerosa de categoría xeral ou especial, no caso de terse alegado para os efectos do disposto na base 3.11.

3.8.. Presentación de solicitudes

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e poderán presentarse:

- a) No Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.
- b) Nos rexistros das xefaturas territoriais da Xunta de Galicia.
- c) En calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.9. Requirimento para emendas

O requirimento establecido para emendar defectos, conforme o previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, efectuarase mediante a resolución provisional do tribunal pola que se publica a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas para participar no procedemento selectivo.

3.10. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles computados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3.11. Importe e pagamento dos dereitos de exame.

O pagamento do importe dos dereitos de exame realizarase de forma electrónica.

Os códigos que se deben empregar son os seguintes:

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: código 07

Delegación de Servizos Centrais: código 13

Servizo de Secretaría Xeral: código 01

Taxa denominación: inscrición nos procesos de selección de persoal de Administración xeral da Comunidade Autónoma: código 300302

Os dereitos de exame serán os seguintes:

- Corpo:

Catedráticos de ensino secundario: 43,30€

Catedráticos de escolas oficiais de idiomas: 43,30€

Catedráticos de artes plásticas e deseño: 43,30€

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de exame:

a) Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

b) Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicaráselle unha bonificación do 50% á inscrición solicitada por persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.

Non será obrigatorio presentar o xustificante de pago das taxas que será verificado pola propia Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Base cuarta. *Admisión de persoal aspirante*

4.1. Lista provisoria de persoal admitido e excluído.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos publicará na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, na páxina web www.edu.xunta.gal, mediante resolución asinada electronicamente, a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas, por corpos, reservas e especialidades. Nesta lista aparecerán, cando menos, apelidos, nome e catro números aleatorios do número de documento nacional de identidade do persoal aspirante. No caso do persoal aspirante excluído, especificarase a causa de exclusión.

4.2. Reclamación contra a lista provisoria.

Contra a lista provisoria, o persoal interesado poderá formular as reclamacións que coide oportunas, no modelo que figurará na páxina web da consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, dirixidas á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, na páxina web www.edu.xunta.gal.

4.3. Lista definitiva do persoal admitido e excluído.

As reclamacións presentadas serán aceptadas ou rexeitadas na resolución asinada electronicamente pola que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Esta

resolución publicárase na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal.

4.4. Recurso contra a lista definitiva.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas o persoal interesado poderá formular recurso de reposición perante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4.5. Reintegro dos dereitos de exame.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados, por petición do persoal interesado, ao persoal aspirante que fose excluído definitivamente da realización dos procedementos selectivos, por falta dalgún dos requisitos para tomaren parte nas devanditas probas.

Base quinta. *Órganos de selección*

A selección do persoal participante será realizada polos tribunais.

5.1. Tribunais cualificadores.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional procederá ao nomeamento dos tribunais que xulgarán o procedemento selectivo e fará pública a súa composición no Diario Oficial de Galicia.

Nomearanse, polo menos, catro tribunais para o corpo de catedráticos de ensino secundario e un tribunal para o corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño e outro para o corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas.

Na súa composición tenderase á paridade agás que razóns fundadas e obxectivas o impidan.

Os tribunais estarán constituídos por persoal funcionario de carreira en activo do corpo de catedráticos correspondente e do corpo de inspectores de Educación ou do corpo a extinguir de

inspectores ao servizo da Administración educativa.

5.2. Composición dos tribunais.

Os tribunais estarán constituídos, de acordo co disposto no artigo 7 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, por persoal funcionario de carreira en activo dos corpos de catedráticos docentes correspondentes ou do corpo de inspectores de educación.

Con carácter xeral, os tribunais estarán compostos por:

Prazas do corpo de catedráticos de ensino secundario:

- Unha presidencia, designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

- Un mínimo de catro vogais, un por cada especialidade que determine a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, designados/as por sorteo público mediante aplicación informática entre as persoas funcionarias de carreira do corpo de catedráticos de ensino secundario das especialidades correspondentes, e que teñan o seu actual destino nesta.

Se con posterioridade tivese que substituírse algunha persoa titular ou suplente do tribunal, a titular será substituída pola correspondente suplente ou, no seu defecto, nas que a sigan segundo a orde en que figuren na disposición que as nomeou. Se non puidese actuar a persoa suplente número catro pasaríase á suplente número 1.

De non poder actuar tampouco os/as suplentes, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos designará a seguinte persoa segundo a relación alfabética da especialidade, empezando pola letra S conforme o sorteo feito pola Consellería de Facenda no ano 2020, e publicado no Diario Oficial de Galicia número 27, do 10 de febreiro de 2020.

Quedarán exento da participación no sorteo o persoal funcionario de carreira que preste servizos na Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou nas súas xefaturas territoriais e o persoal que resulte sorteado para formar parte dos tribunais que vaian a xulgar os procedementos selectivos de ingreso e acceso aos correspondentes corpos docentes que van a desenvolverse no ano 2020.

5.3.. Tribunais suplentes.

Para cada tribunal designarase polo mesmo procedemento, cando sexa posible, **un** tribunal suplente.

5.4. Sorteo público.

O sorteo público terá lugar o día de 2020, ás nove horas, na Sala de Xuntas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, sita en Santiago de Compostela, San Caetano, s/n.

5.5.. Constitución dos tribunais.

5.5.1 Logo da convocatoria da presidencia constituiranse os tribunais no prazo máximo de cinco días hábiles desde a súa publicación no DOG, sendo precisa a asistencia do presidente ou presidenta titular ou, se é o caso, do ou da suplente, e de, polo menos, a metade máis un dos vogais, titulares ou suplentes.

Na citada sesión acordarán todas as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento dos procedementos selectivos.

Actuará como secretario ou secretaria o ou a vogal con menor antigüidade no corpo, agás que o tribunal acorde determinalo doutra maneira. No caso da mesma antigüidade actuará como secretario ou secretaria a persoa de menor idade.

5.5.2 Salvo que concorran circunstancias excepcionais, que serán apreciadas pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, unha vez constituídos os tribunais só poderán actuar os membros presentes no acto de constitución e abondará coa asistencia da metade máis un deles para a validez das sesións. Non obstante, se chegado o momento da actuación dos tribunais, estes non puidesen actuar polo menos coa metade máis un dos seus membros, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará as medidas oportunas necesarias co fin de garantir o dereito do persoal aspirante á participación no proceso selectivo.

5.5.3 A suplencia do presidente ou presidenta será autorizada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, segundo corresponda; a dos/das vogais, polo presidente ou presidenta que

vaia actuar, tendo en conta que deberá recaer no/na vogal suplente respectivo do tribunal suplente número 1 ou, no seu defecto, nos/nas que o sigan, segundo a orde en que figuren na disposición que os/as nomeou.

5.5.4. A participación nos órganos de selección ten carácter obrigatorio, de conformidade co disposto no artigo 8.3 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro. Sen prexuízo do anterior, as presidencias dos tribunais concederán a suplencia, ademais de nos supostos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, a aquelas persoas que a soliciten e actúen como membros dun tribunal de oposicións durante o ano 2016 ou seguintes, as que sexan directores ou directoras dun centro, as que teñan permiso sindical a tempo total ou aquelas persoas que estean a gozar dunha redución de xornada con anterioridade ao 1 de maio de 2020 e que continúen durante o período no que lle correspondería actuar como membro do tribunal, as que estean gozando do permiso de nacemento da nai biolóxica, ou por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente, do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla, e as que estean en situación de incapacidade temporal regulamentariamente concedida.

5.6. Abstención e recusación dos tribunais.

Os membros dos tribunais absteranse de intervir se se desen as circunstancias sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Do mesmo xeito, de acordo co artigo 8.4 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, e o artigo 59.2 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, deberán absterse de actuar aqueles membros que realizen tarefas de preparación de persoas aspirantes aos procedementos selectivos para calquera corpo e especialidade, nos cinco anos anteriores a esta publicación.

Así mesmo, o persoal aspirante poderá recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior, de acordo co artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

5.7. Categoría dos tribunais e da comisión de baremación.

Para os efectos previstos no artigo 26º.2 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), estes tribunais considéranse incluídos na categoría primeira.

5.8.. Indemnizacións por razón do servizo.

Os tribunais terán dereito ás indemnizacións por razón do servizo previstas na normativa vixente.

Base sexta. *Competencia dos tribunais.*

6.1. Serán competencias dos tribunais as seguintes:

- a) A baremación dos méritos da fase de concurso, sen prexuízo do disposto na base 7.1
- b) Custodiar a documentación xustificativa dos méritos ata a finalización do proceso selectivo.
- c) A declaración do persoal aspirante que resulte seleccionado, a publicación das listas correspondentes a el, así como a súa elevación á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
- d) A conformación do expediente administrativo mediante a formalización dos modelos que lles sexan facilitados pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Os tribunais non poderán declarar que superaron o procedemento selectivo un número de persoas aspirantes superior ao de prazas convocadas en cada corpo e especialidade.

6.2. Autonomía dos órganos de selección.

Os órganos de selección actuarán con plena autonomía funcional, serán responsables da obxectividade do procedemento e garantirán o cumprimento das bases da convocatoria.

Base sétima. *Sistema de selección*

7.1. Concurso de méritos.

De conformidade co establecido no artigo 39 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, o sistema de acceso aos corpos de catedráticos consiste nun concurso no que se valorarán os méritos que se relacionan no Anexo II da presente convocatoria, e coa puntuación que neste se indica.

A valoración do baremo, agás as subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4 será efectuada en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por persoal funcionario da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional Universitaria, que facilitará aos tribunais as puntuación definitivas.

7.2. Puntuacións provisionais.

As puntuacións provisionais, por corpos e especialidades, e por epígrafes do baremo faranse públicas na páxina web <http://www.edu.xunta.gal>.

7.3. Reclamacións contra as puntuacións provisionais.

Contra a puntuación provisional outorgada pola comisión baremadora poderase presentar reclamación, perante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo de cinco días hábiles a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, por algún dos medios que se establecen na base 3.8.

Contra a puntuación provisional outorgada polos tribunais nas subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4 poderase presentar reclamación, perante o propio tribunal, no centro no que estea actuando, no prazo de cinco días hábiles a contar desde o día seguinte ao da súa publicación.

7.4. Puntuación definitiva.

Resoltas as reclamacións contra as puntuacións provisionais, a comisión baremadora e os tribunais procederán á publicación das puntuacións definitivas.

7.5. Recurso de alzada contra as puntuación definitivas.

Contra as puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada, perante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Base oitava. *Superación do procedemento selectivo.*

8.1. *Persoas aspirantes seleccionadas*

A comisión baremadora facilitará aos tribunais as puntuacións definitivas dos apartados por ela baremados. Os tribunais acumularán as puntuacións de todos os apartados do baremo e elaborarán unha relación de todas as persoas aspirantes por orde de puntuación.

Resultarán seleccionadas e accederán ao corpo de catedráticos que proceda o persoal candidato que, ao seren ordenado segundo a puntuación do concurso, obteña un número de orde igual ou inferior ao número de prazas convocadas no corpo e especialidade correspondente, tendo en conta o que se establece a continuación para cubrir as prazas de reserva.

8.2. Forma de cubrir as prazas de reserva

Os tribunais, para os efectos de cubrir as prazas obxecto desta convocatoria pola reserva de persoas con discapacidade, axustaranse ás seguintes normas:

a) Se houber un número suficiente de persoal aspirante que concorra ás prazas reservadas para persoas con discapacidade, a totalidade destas prazas adxudicaráselles ás persoas que participen por esta quenda, calquera que sexa a súa puntuación.

b) As persoas que concorran ás prazas reservadas para persoas con discapacidade e que excedan o número de prazas asignadas ao tribunal para esta reserva, concorrerán á formación da lista de persoas aprobadas do tribunal en igualdade de condicións que as das prazas de acceso xeral coa súa puntuación.

c) No caso de que existan prazas da reserva de persoas con discapacidade que non poidan ser cubertas por non existir un número suficiente de persoas aspirantes, estas acumúlranse ás de acceso xeral do corresponde corpo e especialidade..

8.3. Resolución dos empates

Os posibles empates resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación en cada un dos apartados do baremo pola orde na que aparecen no anexo II da presente convocatoria.

b) Maior puntuación nas epígrafes do baremo, pola orde na que aparecen no anexo II da

presente convocatoria.

c) Maior puntuación nas subepígrafes do baremo, pola orde na que aparecen no anexo II da presente convocatoria.

d) Os criterios establecidos anteriormente, a), b) e c) pola orde na que aparecen no anexo II sen os límites máximos de puntuación establecidos en cada cas

8.4. Acceso por máis dunha especialidade.

Aquelas persoas aspirantes que acaden a puntuación para acceder por máis dunha especialidade do mesmo corpo entenderase que acceden pola especialidade na que posúen o seu actual destino definitivo, cubríndose a outra praza pola persoa que proceda en función das puntuacións do procedemento selectivo.

Base novena. *Nomeamento como persoal funcionario de carreira*

De conformidade co previsto no artigo 39.3 do Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro, as persoas que accedan ao corpo de catedráticos mediante esta convocatoria estarán exentas da realización da fase de prácticas e permanecerán, no caso de superar o procedemento pola mesma especialidade na que están exercendo, como catedráticos/as no mesmo destino que ocuparan no corpo de procedencia.

No caso de acceder por unha especialidade diferente da que ocupara no momento da resolución do presente procedemento, quedarán en excedencia no corpo de catedráticos nesa especialidade e só será efectiva a súa incorporación como catedrático ou catedrática cando obteña praza desa especialidade a través dos procedementos de provisión de postos.

Disposición final primeira. *Recursos*

De conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 10, 14 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrida potestativamente en reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de*

Galicia ou poderá formularse directamente recurso contencioso- administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, de marzo de 2020

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Carmen Pomar Tojo

ANEXO I

ANEXO II

Baremo para a valoración de méritos

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
I. Traballo desenvolvido (máximo 5,5000 puntos)		
1.1. Antigüidade (máximo 4,0000 puntos)		
1.1. Por cada ano como persoal funcionario do corpo desde o que se aspira ao acceso que exceda dos oito esixidos como requisito	0,2500/ano 0,0208/mes	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como persoal funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2. Desenvolvemento de funcións específicas (máximo 2,5000 puntos)		
1.2.1. Por cada ano de exercicio como director/a dun centro público docente, en centros de profesores e recursos ou institucións análogas establecidas polas administracións educativas.	0,2500/ano 0,0208/mes	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente en que consten as tomas de posesión e cesamento nas devanditos cargos ou copia simple do nomeamento, con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que na data de finalización do
1.2.2. Por cada ano de exercicio como	0,2000/ano	



<p>vicepresidente/a, xefe/a de estudos, secretario/a, vicesecretario/a, administrador/a ou profesor/a delegado/a nas seccións de formación profesional e outros cargos directivos, nun centro público docente</p>	0,0166/mes	prazo de presentación de solicitudes se continúa no cargo.
<p>1.2.3. Por cada ano como coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega, coordinador/a do proxecto Abalar, asesor Amtega, Asesor da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coordinador de centro plurilingüe, coordinador/a de programas internacionais, coordinador/a de innovación e formación do profesorado, responsable/coordinador de biblioteca, coordinador/a das tecnoloxías da información e a comunicación nos centros integrados de formación profesional, coordinador de área, coordinador de formación en centros de traballo, coordinador do bacharelato internacional, coordinador de emprendemento, coordinador de biblioteca de centro integrado, coordinador de residencia, membros dos equipos de orientación específica, xefe/a de seminario ou departamento, en centros públicos docentes.</p>	0,1500/ ano 0,0130/mes	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente en que consten as tomas de posesión e cesamento nas devanditas funcións, ou copia simple do nomeamento, con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se continúa desempeñando a función docente.
<p>1.2.4. Por cada ano de servizo en postos de RPT da Administración educativa de nivel 26 ou superior</p>	0,2500/ano 0,0208/mes	Nomeamento ou certificación da Administración correspondente
<p>II. Actividades de formación e perfeccionamento superadas e actividades de innovación e investigación educativa (máximo 3,0000 puntos)</p>		
<p>2.1. Por actividades de formación superadas que teñan por obxecto a formación e o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos ou relacionados coa organización escolar, ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, polo Ministerio de Educación, as Administracións</p>	<p>0,0250/10 horas ou 1 crédito *Os créditos ECTS computarán como 25 horas</p>	<p>Copia simple do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade.</p> <p>No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificación de inscrición no rexistro de formación da</p>





educativas das comunidades autónomas ou por institucións sen ánimo de lucro, sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades.		Administración educativa.
2.2. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas na epígrafe 2.1	0,0250/10 horas ou 1 crédito * Os créditos ECTS computarán como 25 horas	Copia simple do certificado ou documento acreditativo da impartición da actividade, en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das ditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificación de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.
III. Méritos académicos e outros méritos: (máximo 3,0000 puntos)		
3.1. Méritos académicos: (máximo 1,5000 puntos)		
3.1.1. Por posuír o título de doutoramento	0,5000	Copia simple do título ou certificación académica e do pagamento dos dereitos de expedición do título
3.1.2. Polo título oficial de máster distinto do requerido para o ingreso na función pública docente, para cuxa obtención se exixisen, polo menos, 60 créditos.	0,2500	Copia simple do título ou certificación académica e do pagamento dos dereitos de expedición do título
3.1.3. Polo recoñecemento de suficiencia investigadora, ou o certificado diploma de estudos avanzados. Só se valorará unha das dúas condicións. Este mérito non se valorará cando sexa alegado o título de doutor.	0,1500	Certificación académica ou copia do título ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
3.1.4. Por premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao ou, no caso das titulacións outorgadas polos conservatorios superiores de música, pola mención honorífica no grao superior.	0,1500	Copia simple da documentación xustificativa deste.
3.1.5 Por estar en posesión dun título oficial de grao ou equivalente.	0,3000	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como





		do título de grao ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto)
3.1.6 Por estar en posesión dunha licenciatura, arquitectura, enxeñaría ou títulos declarados equivalentes a estes.	0,3000	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto)
3.1.7 Por estar en posesión dunha diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados equivalentes. Non se valorarán por esta subepígrafe os primeiros ciclos que permitisen a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos.	0,2000	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto)
3.1.8 Pola acreditación do dominio dunha lingua estranxeira correspondente ao nivel B2, C1 e C2 do Marco común europeo de referencia	Nivel C2: 0,3000 Nivel C1: 0,2500 Nivel B2: 0,2000	Copia do título correspondente co certificado de acreditación dunha lingua estranxeira clasificado polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)
3.2 Publicacións, participación en proxectos educativos e méritos artísticos: (máximo 1,5000 puntos)		
3.2.1. Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar. Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro, ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a. Para a valoración destas publicacións deberanse	a) Libros en distintos formatos: Autor/ a(0,3000) Coautor/a (0,1500) 3 Autores/as (0,100) 4 Autores/as (0,0800) 5 Autores/as (0,0600)	- No caso de libros, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou copias simples. * Certificación da editorial onde conste título do libro, autorels/as, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librarías comerciais. En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librarías comerciais, ademais dos datos anteriores, na certificación debe constar o





<p>presentar os documentos xustificativos indicados nesta subepígrafe coas exigencias que así se indican.</p>	<p>Máis de 5 autores/as (0,0500)</p> <p>b) Revistas en distintos formatos:</p> <p>Autor/a (0,0700)</p> <p>Coautor/a (0,600)</p> <p>3 ou máis autores/as (0,0500)</p> <p>c) Outras publicacións , actas de congresos, xornadas e seminarios:</p> <p>Relatorio individual (0,0700)</p> <p>Relatorio conxunto (0,0500)</p>	<p>título do libro, autores/as, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).</p> <p>Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos nesta certificación deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>- No caso de revistas, a seguinte documentación:</p> <p>*Os exemplares correspondentes ou copias simples.</p> <p>*Certificación na que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista, título da publicación, autores/as/ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.</p> <p>En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, na certificación debe constar o título da revista, autores/as, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.). No caso de publicacións que soamente se dan en formato electrónico, presentárase un informe no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indicárase a base de datos, o título da publicación, os/as autores/as, o ano e a URL. Ademais, presentárase un exemplar impreso.</p>
<p>3.2.2 Por cada premio de ámbito autonómico, nacional ou internacional ou por cada participación en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación convocados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, polo Ministerio de Educación ou polas administracións</p>	<p>0,1350 por cada premio ou proxecto de investigación ou innovación</p>	<p>A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes ou de ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola Administración educativa correspondente.</p>



educativas das comunidades autónomas.		
3.2.3 Exclusivamente para a especialidade de Educación Física. Por ter a cualificación de "Deportista de alto nivel" segundo o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, ou ter a cualificación de "Deportista galego de alto nivel", segundo o Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro.	0,250	
3.2.4. Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de recoñecido prestixio a xuízo do tribunal: -Primer premio de ámbito internacional -Primer premio de ámbito nacional. -Primer premio de ámbito autonómico	Ata 0,3000 por cada premio	Certificación da entidade que emite o premio, na que conste os nomes das persoas premiadas, o ámbito e a categoría do premio.

Disposición complementaria primeira. Data en que teñen que estar recoñecidos os méritos alegados

Os méritos alegados polas persoas participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes. Unicamente se valorarán, polo tanto, os méritos perfeccionados e acreditados ata a finalización deste.

Disposición complementaria segunda. Cómputo dos servizos en determinadas situacións administrativas

Para os efectos da epígrafe 1.1 será computado o tempo transcorrido na situación de servizos especiais e na de excedencia por coidado de familiares.

Disposición complementaria terceira. Desempeño simultáneo de máis dun cargo

Polas subepígrafes 1.2.1, 1.2.2, 1.2.3 e 1.2.4 só se valorará o seu desempeño como persoal funcionario ou como persoal laboral recoñecido especificamente por unha sentenza. No caso de que se desempeñasen simultaneamente máis dun destes cargos ou funcións, non poderá acumularse a puntuación e valorarase o que poida resultar máis vantaxoso para o persoal concursante.



Disposición complementaria cuarta. Centros públicos

Para os efectos previstos nas subepígrafes 1.2.1, 1.2.2 e 1.2.3 do baremo de méritos, consideraranse centros públicos asimilados aos centros públicos de ensino secundario os seguintes:

- a) Institutos de bacharelato.
- b) Institutos de formación profesional.
- c) Centros de educación de persoas adultas, sempre que impartan as mesmas ensinanzas que nos centros aos cales se refiren estas subepígrafes.
- d) Centros de ensinanzas integradas.

Para estes mesmos efectos, considéranse centros públicos asimilados ás escolas de artes plásticas e deseño as seguintes:

- a) Escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.
- b) Escolas de arte.
- c) Escolas de arte e superiores de deseño.
- d) Escolas superiores de deseño.
- e) Escolas de restauración e conservación de bens culturais.

Disposición complementaria quinta. Cargos directivos asimilados

Para os efectos previstos na subepígrafe 1.2.2 do baremo de méritos, consideraranse como cargos directivos asimilados:

- a) Secretario/a adxunto/a.
- b) Os cargos aludidos nesta subepígrafe desempeñados en seccións de formación profesional.



c) Xefe/a de estudos adxunto/a.

d) Xefe/a de residencia.

e) Delegado/a de xefe/a de estudos de instituto de bacharelato ou similares en comunidades autónomas.

f) Director/a xefe/a de estudos de sección delegada.

g) Director/a de sección filial.

h) Director/a de centro oficial de padroado de ensino medio.

i) Administrador/a en centros de formación profesional.

j) Profesor/a delegado/a no caso da sección de formación profesional.

Disposición complementaria sexta. *Actividades de formación*

1. Para os efectos previstos no apartado II do baremo de méritos, puntúanse as actividades de formación que fosen organizados por: _____

a) A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

b) O Ministerio de Educación ou as consellerías de Educación das restantes comunidades autónomas.

c) Institucións sen ánimo de lucro sempre que as actividades estean homologadas ou recoñecidas por administracións educativas.

d) As universidades españolas (sen necesidade de que estean homologadas ou recoñecidas se se realizaron con anterioridade ao 23 de maio de 2013, data da entrada en vigor da Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado de Galicia)

e) As universidades, nas actividades realizadas a partir do 23 de maio de 2013, sempre que a



actividade estea recoñecida pola Administración educativa.

En calquera caso, as actividades realizadas a partir do 23 de maio de 2013, relacionadas nos artigos 32 a 40 da Orde do 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado, para que sexan baremables neste concurso de méritos deberán estar debidamente rexistradas no Rexistro Xeral das actividades de formación do profesorado.

f) As universidades estranxeiras, sempre que a actividade estea recoñecida pola Administración educativa.

Para os efectos das epígrafes 2.1 e 2.2 do baremo de méritos, considéranse como actividades de formación as seguintes:

- a) Cursos.
- b) Seminarios permanentes.
- c) Grupos de traballo.
- d) Proxectos de formación.
- e) Congresos.
- f) Xornadas.
- g) Mesas redondas.
- h) Piale.
- i) Talleres
- j) Encontros.
- k) Obradoiros.

As actividades de formación poderán ser presenciais, en rede ou mixtas.

Non son actividades de formación puntuables por estas epígrafes, entre outras, as seguintes actividades:

- Proxectos de investigación.
- Actividades de innovación educativa.
- Participación en programas europeos: Erasmus, Sócrates, Leonardo da Vinci, Interreg, visitas Cedefop, etc.
- Titulacións universitarias
- Titorías en prácticas
- Titoría do master en profesorado
- Certificacións de acreditación de competencia lingüística nunha lingua estranxeira

2. Non se valorarán os cursos cuxa finalidade sexa a obtención dos títulos ou certificacións que habilitan para a adquisición da formación pedagóxica e didáctica, necesaria para o exercicio da docencia, á que se refire o artigo 100.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. Non se valorará o curso de aptitude pedagóxica ou o máster que habilita para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.

4. Puntúanse os títulos propios das universidades anteriores ao 23 de maio de 2013. Os posteriores deberán ter o correspondente recoñecemento do servizo de formación.

5. De conformidade co artigo 6 da Orde do 11 de novembro de 1998, as equivalencias entre distintos cursos e probas de lingua galega terán a mesma consideración legal que os cursos presenciais de iniciación e perfeccionamento. Non se valorarán as validacións cando de forma simultánea se acredite a realización dos correspondentes cursos. Ao mesmo tempo, puntuarase

os cursos de especialización.

6. En ningún caso serán valorados por este apartado aqueles cursos ou materias cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico, máster ou outra titulación de posgrao.

7. Para os efectos da valoración das actividades de formación superadas da epígrafe 2.1 sumaranse as horas de todos os cursos e non se puntuarán, se fose o caso, o resto de número de horas inferiores a 10.

8. Para os efectos da valoración das actividades de formación impartidas da subepígrafe 2.2 sumaranse as horas de todos os cursos e non se puntuarán, se fose o caso, o resto de número de horas inferiores a 10.

Disposición complementaria sétima. Méritos académicos

1. Para poder obter puntuación por outras titulacións universitarias de carácter oficial, deberá presentarse copia simple de cantos títulos se posúan, incluído o alegado para ingreso no corpo. Cando os títulos fosen obtidos no estranxeiro ou fosen expedidos por institucións docentes doutros países deberá achegarse, ademais, a correspondente homologación. As titulacións alegadas como requisito para o ingreso no corpo non serán valoradas.

2. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación.

3. Polas subepígrafes 3.1.1, 3.1.2, 3.1.3 e 3.1.4 soamente se baremará un título ou certificación.

4. Non se baremará ningún título de máster exixido para o ingreso na función pública docente.

5. Non se baremarán pola epígrafe 3.1 os títulos universitarios non oficiais que conforme a disposición adicional décimo primeira do Real decreto 1397/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, sexan expedidos polas universidades en uso da súa autonomía.

6. Na subepígrafe 3.1.8 baremaranse, ademais dos certificados de aptitude ou de nivel avanzado ou nivel intermedio (B2) das escolas oficiais de idiomas, os certificados recollidos na



Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería (DOG núm. 128, do 7 de xullo). A valoración soamente procederá pola certificación de nivel superior no suposto de que o persoal aspirante presente diferentes acreditacións de nivel dunha mesma lingua estranxeira. Para o suposto de que o persoal aspirante presente para unha mesma lingua estranxeira dúas o mais acreditacións do mesmo nivel de competencia lingüística, soamente procederá valoración por unha delas.

Disposición complementaria oitava. Publicacións, participación en proxectos educativos e méritos artísticos.

1. Non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión nin as que sexan editadas pola persoa autora. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

2. Os proxectos de investigación ou innovación que fosen premiados puntuaranse na subepígrafe 3.2.2 como proxecto de investigación ou innovación e ademais como premio.

Disposición complementaria novena.

O persoal aspirante non poderá ter máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.

